



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Resolución de nomeamento de 3 peóns durante 7,5 meses para o Programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña.

Núm. Admvo. Expte.: 2025/E001/000001

Expte. Decreto Núm.: 2025/G003/000188

Vista a Resolución núm. 2025/3600, do 28/01/2025, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 22, do 3 de febreiro de 2025, pola que se aproba a concesión das subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2025 (PEL-CONCELLOS 2025), na que se establece un importe para o Concello de Laxe de 31.000,00 euros.

Visto o expediente que se tramita para a selección de 3 postos de peóns, durante 7,5 meses, persoal laboral temporal, ao abeiro da subvención concedida polo programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación da Coruña.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 122/2025, de data 18/02/2025, se aprobaron as bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 3 postos de peóns, durante 7,5 meses, Programa PEL-Concellos 2025 da Deputación da Coruña, publicándose as bases da convocatoria no BOP núm. 36, do 21/02/2025.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 157/2025, de 03/03/2025, se aprobou a proposta do tribunal cualificador reunido o día 06/03/2025 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este concurso-oposición, na que propón ao sr. Alcalde designar a M^a Luz Castro Rodríguez, Antonio Álvarez Valiña e Carmen Estrella Gómez Blanco como peóns/as deste Concello de Laxe, Programa PEL-CONCELLOS 2025; requeríndolles aos candidatos propostos para que xustifiquen os requisitos esixidos conforme ao establecido na cláusula décimo terceira das bases de selección.

Vista a documentación presentada polas persoas propostas M^a Luz Castro Rodríguez, Antonio Álvarez Valiña e Carmen Estrella Gómez Blanco establecida na base décimo terceira das bases de selección, e unha vez comprobado que a mesma é correcta

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 e) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta Alcaldía



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLVE:

Primeiro. Nomear como peóns/as do Programa PEL-CONCELLOS 2025 da Deputación Provincial da Coruña ás seguintes persoas:

Apelidos e nome	DNI
Castro Rodríguez, M ^o Luz	***695***
Álvarez Valiña, Antonio	***657***
Gómez Blanco, Carmen Estrella	***258***

A duración do contrato será dende o 17/03/2025 e ata o 31/10/2025, ámbolos dous incluídos, a xornada parcial (75%) e baixo a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 505).

Segundo. De acordo coa base 11.4 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar traslado desta Resolución ao Departamento de Contabilidade para o seu coñecemento e efectos.

Cuarto. Emitir certificado deste decreto e dar conta no vindeiro Pleno ordinario que se celebre.

Mándao e asíno, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O Alcalde,
Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora,
Asdo.: Begoña Carrasco García